

# O ENTROIDO NA GALIZA



## Lingualízate

Equipo de Dinamización do IES Rosais 2

Textos: alumnado de 3°ESO

Fotografías: Liliana Carro

## OS MERDEIROS DE VIGO



Os Merdeiros de Vigo son uns personaxes populares que saen na época do Entroido vigués polas rúas do Casco Vello. Representan aos antigos mariñeiros, os escabicheiros, que botaban peixe podre á xente que baixaba das aldeas para recoller algas para facer esterco. Desapareceran debido a ordenanzas do municipio, o quen atacaba a súa figura, pero logo reapareceron en 2006 para converterse no símbolo do Entroido da cidade.



Hoxe en día é un personaxe rebelde que asusta á xente e lanza verduras ou pégalles con elas, tanto polo día como pola noite.

O vestiario consta de zamancos e polainas de coiro marrón, un pantalón branco, camisa por fóra, unha faixa de distintas cores, un chaleco cun símbolo animal ou astral nas costas, a carauta e normalmente un galo na cabeza. A máscara é rosa con bigote e beizos pintados. Levan longas quedellas feitas de lã de ovella e portan unha vara, un símbolo máis de ridiculización ao campesiñado, coa que golpean o chan ou fan trasnadas, xunto con verduras (porros ou verzas) para azoutar á xente.



## A S MÁZCARAS DE MANZANEDA



A Mázcara é o personaxe central do Entroido de Manzaneda e a pesar do seu nome, normalmente ten a cara descuberta. Leva traxe, camisa e polainas brancas con cordóns, manta florida, botas altas, cana e cintas de cores que se poñen e quitan unha a unha cada ano. Á cintura levan varios vaqueiros (unha especie de campaiñas) que lles serven para desfilarmos ao mesmo ritmo.



Este elegante personaxe adoita tamén bailar dun xeito curioso, cos brazos e un caxato en alto e dando voltas. Na cabeza viste un sombreiro cun enorme tocado feito con grilandas de cores. Acompañanse de chocallas, gaitas, caixas, tambores, aixadas, garras, cornos ou cunchas de mar: todo instrumento é bo para marcar o ritmo. A estes grupos e sons chámaselles “folión”.



## A PITA DE EIROÁS



As Eiroás é un pequeno barrio de Ourense, que conserva unha identidade rural. A mediados do século XX, un matrimonio entre dous viúvos (Antonio Guimarey e Gumersinda de Benavides), deu orixe a unha festa, cando menos, singular.

Esta coincidiu co Entroido e pasou a ser este núcleo un dos poucos lugares na cidade e arredores nos que se celebraba a festa pagá que antecede á Coresma. Vanse engadindo contidos a esta festa, entre os que cabe salientar unha representación teatral popular, a creación da imaxe da festa por parte de artistas locais, un xantar popular ou a creación dunha máscara.

A representación teatral popular, en ton satírico, rememora como foron as orixes da festa, amais de lembrar, con moito agarimo e respecto, ás dúas persoas que protagonizaran aquela cinzarrada na metade do século pasado. Desde que se comezou coa celebración actual da Festa da Pita, o Antonio e a Gumersinda levan casando 20 anos, dun xeito desenfadado e con moitos símbolos no argumento que procuran unha reconciliación co pasado.

As pitán visten con calzón e camisa branca sobre os que se pon polainas e chaqueta negra e das que se colgan unha chea de cintas de cores imitando a plumaxe dunha galiña. A cabeza, feita de lata, é branca e negra con longo pescozo e cunha cabeciña de pita na punta. Do cinto de coiro colgan chocas e unha faltriqueira con ovos e fariña, que botan durante a representación teatral.



## AS MADAMITAS DE ENTRIMO



Estas personaxes desfilan polas rúas e o campo da feira de Entrimo o sábado de Entroido, animando á xente a unirse á festa.

As Madamitas van vestidas cunha enagua branca, decorada con bordados e encaixes e zapatos e medias tamén brancos. A camisa é da mesma cor e sobre ela levan cruzado un mantón de manila vermello. Levan chapeus de palla, adornados cun veo de tul branco, e a máscara é branca e cobre toda a cara. Os madamitos levan camisa branca, gravata e pantalóns bordados cunha faixa vermella. Sobre os ombreiros portan unha capa de reducidas dimensións tamén de cor vermella. Agochan o rostro detrás de caretas de grandes bigotes e tamén se cobren con chapeus, aínda que estes teñen forma cónica e finalizan nun penacho elaborado con cintas de cores.

Elas na man soen levar faltriqueiras brancas e abanos mentres que eles portan unha vara.



## AS PANTALLAS DE XINZO DE LIMIA



As pantallas son as máscaras propias de Xinzo, que saen por primeira vez o domingo corredoiro (a semana antes dos días grandes) acompañadas de charangas e gaiteiros. Saltan, bailan e, sobre todo, perseguen á xente, xa que a súa misión é velar porque todo o mundo vaia disfrazado, e se te pillan sen disfrace tes que convidar a uns viños.

As persoas que levan as máscaras (ou pantallas) visten con camisa branca, calzóns longos e brancos, capa vermella ou negra con cintas colgando, polainas e zapatos negros e unha faixa vermella, aínda que o que máis os caracteriza son as vexigas de vaca secas e infladas que levan nas mans e que utilizan para asustar ou alertar ao público golpeándoas mentres emiten sons animais. Tamén teñen luvas brancas ou negras, un colar de campaiñas que arrodea a cintura e un pano ao pescozo normalmente vermello.

As máscaras están compostas por un cornete de cartón e un gorro de feltro ao que se lle dá forma pegándolle papeliños amasados con farelo (auga e fariña) e, despois, engádenselles os demais complementos que a conforman, dásele forma e estrutura (lixándoas), píntase con motivos artesanais e póñenselles uns coloretos vermellos aos lados da máscara. O resultado é unha especie de demo con cornos”, cuxo obxectivo era asustar ou alertar, pero cos anos foise docificando, facéndoa máis amable. O corno está decorado con motivos astrais.



**Curiosidades:** . As pantallas só poden saír de día, e por suposto, nunca quitarse a máscara. Os nenos incorpóranse moi pronto ao Entroido, polo que a idade das persoas que levan o traxe da pantalla durante estes días vai dende os 2 ata os 70 anos. O traxe ten un prezo que vai dende 700 a 1000 euros.

## AS BONITAS DE SANDE



A figura da Bonita seica veu da guerra das Filipinas, xa que cando voltaban os mariñeiros traían os delicados mantóns de manila que lles cobren o corpo. Antigamente a xente disfrazábase con roupa vella e farrapos e de súpeto aparece alguén elegante e con gravata, de aí o nome de Bonita.

Curiosamente o traxe ten saia, feita cunha colcha antiga, e gravata vermella, como representación da dualidade feminino/masculino. Ao principio só tiñan o privilexio de vestir con este traxe os catro mellores mozos da vila, isto afortunadamente cambiou e agora visten persoas de ambos sexos e diferentes idades. Levan tamén luvas, calzóns e camisa branca, polainas negras con flocos e axóuxeres e zapato negro.

Forma parte do traxe unha máscara feita con arame con flocos aos lados na que se pinta a cara, e un pucho, un armazón de madeira adornado con plumas de galiña, panos ao redor e longas cintas de cores pola parte de atrás

Na man levan unha vara de vimbio chamada vergallo coa que manteñen a orde, especialmente durante as pequenas representacións teatrais, e cando percorren a vila a xente convídaos a doces típicos como orellas ou filloas.



Van acompañadas polo oso, cun traxe de pel e foupas, o cal vai atado con cadeas e suxeitado por un coidador, pois sempre trata de asaltar á xente. Tamén os acompaña unha vaca brava. Son personaxes que se repiten noutros entroidos quizais polo medo que se lles tiña.



## OS BOTEIROS DE VIANA DO BOLO

O entroido de Viana do Bolo é un dos máis antigos da Galiza e tamén un dos máis orixinais e tradicionais. Algúns dos elementos que o diferenzan doutros entroidos son os boteiros, os lardeiros, o folián e a fariña. Durante o período antes do entroido os veciños e veciñas de Viana do Bolo, saen a tocar o “Folián”, que é un grupo que percorre as rúas da súa aldea ou vila tocando instrumentos tradicionais, como bombos, aixadas, gadañas e cornos, e van visitar ás outras aldeas veciñas.



O traxe do boteiro consta dunha máscara, cuxa función está entre a mofa e infundir medo, feita de madeira, con gran dentadura e moitas veces un réptil na boca. Usan unha chaqueta que vai en conxunto coa máscara, feitas con varios metros de cinta de raso de cores, e un pantalón vermello con flocos. Levan unha monca, que é un pau que usan para apartar á xente, aínda que tamén lles serve como pértega para impulsarse e saltar. As esquías son unas campás típicas do gando que se colgan arredor da cintura.

Pero o máis rechamante son as representacións que levan sobre a cabeza, feitas de arames, madeira e fitas e papel, que poden chegar a pesar 15 kg. Normalmente representan elementos da natureza, como símbolo do renacer da primavera, ou algunha simboloxía propia de cada unha das aldeas, xa que cada unha ten os seus propios boteiros así como o seu propio toque para o folián.





## BOTEIRO DE VILARIÑO DE CONSO

Cada aldea ten os seus propios boteiros, normalmente cunhas características diferenciadas, que acompañaban ao seu respectivo folián. O folián é un grupo de persoas que van tocando bombos, aixadas e gadañas ao mesmo ritmo para que os boteiros bailan ao seu redor, tamén cada aldea ten o seu toque diferente.

Os traxes son moi caros e elaborados. O boteiro viste cunha camisa branca decorada con cinta de raso de máis ou menos 4 centímetros de ancha e sempre cores vivas. Algunhas camisas poden levar ata 200 metros desta cinta. O pantalón é da cor que queira cada vila, pero ao igual que a camisa sempre leva cores vivas. A careta soe ser de madeira de bidueiro e ten debuxadas patillas, barba negra, bigote fino, coloretos

Nos pés levan polainas negras e na cabeza unha gran pantalla chea de cintas de cores e con representacións animais e vexetais, símbolos da chegada da primavera. Na cintura un cinto con campaiñas de gran sonoridade.

Van dando chimpos sobre a monca (a vara que levan na man coroada por unha borla) e a súa misión principal é abrir paso ao folián.



## OS CHOCALLEIROS DE VILARDEVÓS



Os Chocalleiros de Vilardevós percorren as rúas desta vila ourensá perseguindo ás persoas que non se disfrazan para metelas nunha taberna co fin de que os conviden a un viño.

Visten pantalón e camisa de liño, polainas negras, pano cheo lazos e cintas de cores gravata e unha carauta cunha mitra pequena tapada cun pano.. O nome “chocalleiro” fai referencia ás chocas, que son unhas campaiñas de metal que se penduran ao pescozo das reses de gando e eles levan na cintura sobre unha faixa vermella para marcar o ritmo e facerse notar.

A carauta ou máscara é rosa con coloretos e leva unha mitra na que pintan representacións da natureza e por detrás colga unha pelica de animal. Aínda que non hai moitos datos nin fotografías das primeiras celebracións do Entroido de Vilardevós, a mitra podería terse elaborado con madeira de bidueiro.

Na man levan unha vara cun farrapo ou saco na súa punta para asustar e lixar á xente.



## OS CIGARRÓNS DE VERÍN

A primeira saída dos cigarróns é no domingo corredeiro, cando se concentran para saudar aos veciños á saída da misa, e xa despois nos días grandes do Entroido.

O seu cometido é facer ruído coas chocas, uns obxectos de cobre con forma de campá. Levan seis de gran peso e tamaño colgadas na cintura e suxeitas por un cinto de coiro. Para que soen, simplemente deixan que o propio movemento do corpo lles faga chocar entre elas.



Van vestidos cunha camisa branca e unha gravata vermella aínda que na actualidade pode ser de cores variadas, e por encima unha chaqueta curta de seda con galóns e ornamentos dourados. Cubrindo os ombreiros, atavíos de militar con flocos dourados e pano de cores sobre eles, suxeitos con broches. As medias son brancas, suxeitas por ligas, e o zapato negro.

A máscara consta dunha careta traballada en madeira e pintada de modo que nela se destacan as cellas, as súas arroibadas fazulas, amplo bigote, e o sorriso que mostra a dentadura e unha falsa barba. Colgando da máscara levan unha sorte de mitra de lata pintada con motivos diversos, predominando os vexetais e os animais, e tamén é moi frecuente, a representación do sol e da lúa, como símbolo do cambio de estación.

Na man levan unha zamarra, que é unha vara formada por un pau, usado como mango e no extremo unha pértega de badana. Serve para azoutar á xente que lles impide pasar, e tamén se di que de cando en vez acurralan a unha persoa e danlle ata que lles convida a un viño nalgún bar ou taberna.

Aínda que a lenda di que a súa orixe pode ser un recadador de impostos o certo é que é a orixe real segue sendo unha incógnita, o que lle dá aínda un toque máis máxico.



## DANZAS BRANCAS DE ENTROIDO



En distintas partes da Galiza podemos ver a tradición das danzas brancas de Entroido, a semellanza das danzas brancas de Reis ou outras festividades.

A característica principal é o baile. Mozos e mozas percorren as rúas deténdose en determinados puntos para interpretar as súas danzas, normalmente muiñeiras e xotas, acompañados de música e canto de pandeiretas, gaitas e percusión. Os bailadores acostuman acompañar os seus puntos con castañolas.

Van vestidos de branco, normalmente cunha banda ou un mantón de cores cruzado e algunha fita de cores de adorno, e acostuman levar chapeus engalando con flores e plumas.

Algúns exemplos destas danzas atopámolos no Morrazo, coas Madamas e Galáns de Meira ou as de Darbo, no interior da Coruña, cos Santiaguíños de Boimorto ou na Costa da Morte coas danzas de Caldebarcos.



## PELIQUEIROS E ENTROIDO DE TEIXUGUEIRAS



Nesta pequena aldea de Xinzo-Cartelle, celébrase un dos Entroidos máis especiais. Cada ano entre todos os veciños tallan o meco, unha figura de madeira na que se salientan os atributos sexuais eponse ben amarrada a un carro. Este é despois arrastrado por todas as rúas da aldea con gran forza pola mocidade do lugar, arrasando con todo o que atope ao seu paso, ata chegar á Poza da Fonte onde é desfeito. Á tardiña lese o testamento, nomeando as cousas máis esaxeradas que aconteceron no ano, e pasa a ser queimado. Parece ser que é a figura vén dun antigo cobrador de impostos do s. XVIII, a xente sublevóuselle, déronlle unha malleira e subírono a un carro para escarnio de todos.



do s. XVIII, a xente sublevóuselle, déronlle unha malleira e subírono a un carro para escarnio de todos.



O carro do meco vai acompañado dos peliqueiros, uns personaxes vestidos con saia ou pantalón e camisa branca adornada con lazos e un mantón de cores cruzado no peito. Na cara só levan un anteface pero salienta un pucho cónico feito con vimbios de gran colorido e cuberto de cintas. Levan na man unha vara e a son os encargados de que o meco siga a ruta correcta.

A música de charangas e gaiteiros ameniza esta festa, considerada un dos entroidos máis salvaxes do país.



## OS FELOS DE BOBORÁS

Este personaxe é característico do concello de Boborás, e saen o sábado de Entroido para percorrer as aldeas da vila e visitar todas as casas, onde piden aguinaldo. Esta tradición recuperouse en 2019 despois de 10 anos de esquecemento.



Os traxes son moi coloridos, Visten con pantalón e camisa branca sobre a que se pon colchas, normalmente antigas e rechamantes, , moitas cintas de cores e adornos feitos con papel. Salienta un pucho moi grande na cabeza en forma cónica adornado con papeis, anacos de revistas, fotografías recicladas, calendarios e espellos, que serven para espantar o mal de ollo. Ademais levan unha vara unha choca na punta adornada con cintas de tea de cores. A súa máscara e de cor branca e levan as meixelas pintadas de vermello e un bigote.

A vara emprégana para zoupar, facendo fuxir coas súas carreiras á xente que se lles pon diante, ademais de bailar ao son das chocas que levan na cintura (tamén forman parte do vestiario) e aledar este día de festa. Antigamente ían montados a cabalo e estes tamén estaban vestidos a conxunto.



## O FOLIÓN DE BUXÁN

En Buxán, unha pequena parroquia de O Bolo, celébrase todos os anos o entroido co foliÓN de Buxán, tradición de hai máis de 120 anos.

Este sae dende o sábado do Entroido ata o martes polas aldeas e concellos veciños, como Viana do Bolo. O desfile está formado polas máscaras, que van a carón do foliÓN, estes con tambores e ferramentas de todo tipo para facer ruído e troula. As máscaras van tirando fariña, xogando, bailando e saltando ao ritmo do foliÓN. Cada aldea ten un toque diferente, que marca o ritmo do desfile que lles representa.



As súas mascararas destacan moito. Levan un pucho en forma de cono, adornado cunha rosa ou figuras feitas de cintas de papel. Do pucho caen moitas tiras de distintas cores ata as pernas, que o fan rechamante. O pucho antigamente estaba cuberto de postais, pero hoxe en día xa non hai tantas, polo que se cubre con fotos, que diferencian os uns dos outros. No centro do pucho levan unha boneca, co fin de simbolizar a ledicia do Entroido. Levan a cara tapada para que non se recoñeza quen vai debaixo dela, a máscara soe ser branca ou de madeira. Ten que ser consistente para que cando baila non se mova o pucho.



unha espada. Levan unhas botas negras con polainas e uns pantalóns vistosos. Toda a vestimenta está chea de focos, teas e complementos de cores polo que poden tardar unha hora en vestirse xa que hai que colocar ben os mantóns e procurar que nada se solte.

A súa vestimenta consiste en dous mantóns cruzados, debaixo outro e unha camisa acompañada dunha gravata e colares de todo tipo. Estes mantóns son floreados, e deles colgan focos que cobren ata a cintura. Nas mans levan luvas brancas e un bolso, que antigamente se usaba para tirar papeliños ou caramelos á xente. Na outra man unha caxata ou



## LABARDEIROS E SEÑORITAS DE MUGARES



Estes personaxes saen o martes de Entroido en Mugares, no concello de Toén. A súa función é ir cantando e bailando por todo a vila. Os labardeiros levan unha camisa e un pantalón branco adornado con flores de cores, medias e botas. Na cintura levan unha faixa cinto con campás e na cabeza un pucho en forma de cono puntiagudo adornado con flores de papel e tea. Tamén teñen a cara tapada cunha rede de distintas cores e na súa man levan a labarda, que é un instrumento parecido ao que se usaba para mallar os cereais, coa que golpean o chan ou fan falcatruadas a algunha persoa.

As señoritas visten cunha saia e unha camisa, ambas prendas brancas e por toda a saia cosen flores de cores de papel de seda. Enriba da camisa, levan un pano ben vistoso e colares. Calzan con zapatos de tacón e levan un chapeu. Estes personaxes van acompañados duns burros e un carro sobre o que levan uns bonecos chamados Mazarucos e Mazarucas, que son os mecos lugar.

Cada un sae dunha parte distinta da vila e ao final xúntanse no medio do camino para bailar ao ritmo da charanga e facer festa coa veciñanza.





## MADAMAS E GALÁNS DE COBRES



As Madamas e Galáns son un grupo de danzantes que percorren as parroquias de Santa Cristina e San Adrián de Cobres acompañados pola música dos gaiteros e charangas, nos días grandes do Entroido. Bailan muiñeiras, xotas, agarrados e, sobre todo, a popular Danza de Cobres. Cando paran nunha casa e reciben aguinaldo lanzan unha bomba na súa honra.

A súa vestimenta é o símbolo de pertenza á clase alta. Os Galáns visten con camisa branca adornada con numerosas cintas de cores e gravata vermella. O pantalón, tamén branco, leva unha fina liña lateral en cor viva e no corpo cruzados varios mantóns de manila de seda. As Madamas locen sobre as blusas e saias brancas, tamén cubertas con cintas de cores e pasamanerías, cadeas, colares e diversidade de alfaias, como mostra de riqueza e poderío.

O que máis chama a atención, en ambos os dous casos, son os enormes chapeus, verdadeiras xoias artesanais feitos con flores, follas, cintas, brillantes, anacos de espello, pequenas bonecas e colares e adornos.



## AS MÁZCARAS DA XIRONDA



Estes personaxes saen cando remata a misa o domingo de comezo do Entroido na aldea da Xironda, en Cualedro. Bailan e percorren toda esta pequena vila baixo a sombra do meco, unha especie de inmenso espantallo (entre 8 e 10 metros) feito de palla con atributos sexuais esaxerados que queiman ao fin do Entroido.

O traxe é semellante a doutras figuras veciñas. Un pantalón con pompóns de cores, camisa branca, gravata vermella, chaqueta de seda moi elaborada, medias brancas, zapato de vestir negro e unha careta forrada con pel de raposa.

A máscara esta feita con madeira e os motivos do capuchón son a flora e a fauna da zona (vacas, raposos, lobos, carballos, toxos...) e os monumentos da vila (a igrexa, cruceiros, fontes...). A careta é tamén semellante ás dos veciños peliqueiros e cigarróns pero de trazos máis esaxerados, remarcando máis o sorriso, os ollos abertos e un gran bigote, pénsase que é de procedencia máis antiga. Na man levan un látigo para zoupar a quen se lle interpón no camino.





## O EXÉRCITO DOS PANOS DE MAZARICOS



A orixe desta peculiar marcha de personaxes está na Guerra da Independencia, de aí que a estrutura ao desfilarse é militar.

Van vestidos de branco, con botas altas ou polainas e dous panos nos ombreiros que cruzan o corpo. Tamén levan outros dous prendidos nos pulsos, de aí o seu nome. Na man levan luvas brancas e un pau decorado con cintas vermellas, amarelas, brancas e azuis, que apoian no ombreiro ao xeito do fusil. O realmente identificativo son uns tocados moi vistosos, feitos de cartón e adornados con plumas de pavo real e pequenas xoias que levan na cabeza, ademais de pór lentes de sol para protexer os ollos.

Como manda a tradición, o abandeirado abre o camiño polas rúas de Mazaricos, seguido polo xeneral, resgardado por unha parella de gardas civís e logo, o groso do exército, que desfila ao ritmo da caixa de percusión e só frea para facerlle sitio á parella de mozos bailadores que botan muiñeiras e xotas ao ritmo dun grupo de pandereteiras.

Ao conxunto ségueno outros personaxes: o varreduro; provisto dunha vasoira, de aí o nome, o coro dos cegos, que interpreta coplas polas portas das casas, ou o rabechador; armado cun pau revirado. Outras persoas disfrázanse imitando oficios peculiares ou profesións novedosas da época, e fan pariodas mofándose delas.



## O OSO DE SALCEDO



Esta é unha máscara característica do Entroido de Salcedo, celebrado o luns de Entroido (e ningún outro día) no concello da Pobra do Brollón. É dos poucos que actúa en solitario, agás a compañía dos seus "criados", e non en grupo como a maior parte destas máscaras. Descoñécese a data do comezo desta tradición, pero a súa raigame local é clara.

Celebra o comezo da primavera, remedando o momento no que o oso sae da súa oseira trala hibernación. Simboliza deste xeito o comezo do ciclo agrícola anual, propiciatorio da abundancia nas colleitas e a fecundidade das mulleres.

Un veciño, disfrazado con peles de animal e máscara de madeira, a semellanza dun oso, percorre as rúas e corredoiras de Salcedo na compañía de "criados ou mordomos", asustando aos viandantes, aos que intenta mancharlles coas poutas cheas de feluxe. É, sen dúbida, a tradición máis brutal das cantas hai nestas datas, pois non hai quen se libre de ser enzoufado e se alguén se resiste acabará tirado no chan, sen apenas roupa e cuberto desa masa negra de compoñentes incertos.

O Oso de Salcedo saíu ininterrompidamente malia as prohibicións de celebrar o Entroido que se sucederon durante a ditadura.



## O REI DE COVELO



En Covelo, no concello de Melón (Ourense), o martes de entroido iníciase unha procesión dende a aldea, cunha parada no Coto da Raña, ata a igrexa onde se celebra unha poxa e unha festa. Non se coñecen ben as súas orixes pero si que é moi antiga.

Esta procesión vai encabezada por dous santos: o entroido e a entroida, que, montados nun carro tirado por dúas vacas, van recibindo as ofrendas dos visitantes. Despois ségueos o rei, montado a cabalo, con capa e coroa, protexido por catro gardas danzantes e algún personaxe máis. E por último, a banda de música ou charanga e os visitantes.



O rei e os gardas defenden á coroa dos diferentes intentos de roubo que se provocan mentres todos camiñan ata o Coto da Raña. Se a coroa segue en propiedade do monarca o Entroido garántese, polo menos, ata o ano que vén.

Cando pasan pola aldea a veciñanza ofrece comida ao rei e a toda a súa comitiva, incluídos aos visitantes. Ao chegar á igrexa fan unha poxa con produtos doados polos habitantes da vila e o diñeiro recadado subvenciona o seguinte Entroido. Por último, hai unha festa que dura toda a tarde e incluso parte da noite.

## O TOURO E O XIGANTE DE CELAVENTE



O touro e o xigante de Celavente son personaxes de Entroido típicos dunha vila chamada O Bolo (Ourense), concretamente da parroquia de Celavente.

Adoitan saír o martes de Entroido e tamén acoden, xunto con distintos personaxes de toda a Península, á Mascarada Ibérica, como os merdeiros de Vigo ou as madamas e galáns de Cobres.

O xigante é o personaxe que guía ao touro na súa andaina. Leva a cara descuberta, vai vestido de branco con enaguas e zocos tradicionais, e leva un mantón vermello con flocos cruzado no peito. Na cabeza leva un sombreiro de palla ao que se lle pegan flores de papel de varias cores.

O touro é un armazón de madeira onde cabe unha persoa, leva unha parte frontal de cartón onde se poñen os cornos. Vai cunha colcha antiga, floreada e con flocos, por riba vai unha saba á que se lle pegan flores e cintas e leva tamén a cola decorada.

O xigante, cunhas bandeiras, sinala á xente do público e o touro embiste ás persoas que lle foron indicadas. Estas bandeiras chámanse muletas (instrumento de tourear que consiste nunha tea vermella), tamén leva unha bandeira taurina, que é a que se lle crava ao touro.







## O VELLARRÓN DE RIÓS



O Vellarón é un tipo de máscara antiga propia do Entroido e que foi creada en Castrelo de Cima, en Riós, de aí o seu nome. Esta máscara está en proceso de recuperación porque foi durante moito tempo esquecida. Apóíase en diferentes investigación e na memoria dos maiores e a súa vestimenta é confeccionada agora pola asociación de mulleres de Riós.

Saen o sábado de Entroido percorrer as rúas de Riós acompañados dunha charanga, despois de botar uns bailes na residencia de anciáns, e rematan no torreiro da festa onde os veciños e veciñas reúnen para comer e beber.

Os Vellaróns levan unha careta de cartón duro, onde reside un afiado nariz con bigote e barba feitos de la de ovella de cor negra, unhas cellas poboadas, tamén ten os dentes brancos e unhas orellas de papel. Nos pés zapatos e polainas negras e sobre a camisa branca unha chaqueta e pantalóns cubertos de cintas de cores. Salienta o chapeu de formas xeométricas cuberto de lazos de cores. Antes eran de papel pero agora son de tea xa que é máis resistente. Aínda así a súa elaboración é moi custosa, aproximadamente tardan un mes e facer o traxe.



O Vellarón fai soar as campás do cinto e asemade vai zorregando co farrampo (a vara) a cantos atopa na rúa ao seu paso. A xente dille: "Vello, vello, vellarrón, mete os cartos no bolsón!", para que garda os cartos que lle dan.



## O ZARRAMONCALLEIRO DE CUALEDRO



Este personaxe soamente sae o sábado e domingo de Entroido e, segundo a tradición, ten que saír e percorrer todas as casas da vila mentres que visita aos seus veciños. Pénsase que na súa orixe era o encargado de recadar impostos de Monterrei, mais agora é convidado nos bares da vila dun xeito máis amable. Hoxe en día levar este traxe é un motivo de orgullo para a mocidade, que trata de perpetuar a tradición.

O traxe é moi semellante ao dos seus veciños Peliqueiros e Cigarróns coa diferenza que as cores coas que vai vestido son azuis e vermella, de bordado delicado pero sen tantos adornos. Unha característica que ten o traxe é que leva un cinto con sete chocas que resoan por toda a vila e así anuncian a súa chegada, estas pesan uns cinco quilos. A diferenza principal da máscara é que o fondo é amarelo e nela leva debuxado flores ou fauna e flora autóctona (carqueixas, toxos, coellos, raposos...)

Na man leva unha especie de látigo para zoupar a quen lle dea por meterse no medio.



## OS CABALEIROS E O RANCHO DE SALCEDA DE CASELAS

Estes personaxes a cabalo foron recuperados no 2018 despois de 50 anos sen saír, grazas a fotografías e á memoria da xente. Levan unha vara cunha vexiga na man por se teñen que zoupar con ela a alguén, e a súa vestimenta caracterízase por levar panos rameados cubrindo o corpo, por enriba dos ombreiros, e botas altas de cor negra. Soen ser catro cabaleiros e van montados en cabalos decorados con panos a conxunto cos deles.



A súas máscaras constan dunha careta branca cun bigote chamativo, e uns sombreiros en forma de cono engalanado con flores e penachos de plumas.



Os cabaleiros non van sós, senón que van coa compañía do rancho, formado por 6 danzantes vestidos de branco, con mantóns cruzados e un chapeu de flores e plumas, e dúas damas (nenos vestidos de rapazas), que visten con roupas tradicionais, con moita xoiería e grandes sombreiros con flores. Estes personaxes fan dúas danzas, acompañadas co son das castañolas, ao xeito das danzas brancas tradicionais de reis e entroidos, e os cabeleiros abren o círculo para que o rancho poida bailar.



## OS CABREIROS DE MUÍÑOS



Conta a tradición que, antigamente, os Cabreiros saían á rúa movendo os chocas incansablemente como un anuncio da Gran Cabuxada. Empurrábanse xuntando os ombreiros a modo de danza ou ritual mentres enganchaban lixeiramente a súa cornamenta.

Esta figura recuperouse no 2004 e o traxe, que combina a tradición e a cultura propia, representa a identidade desta vila, formando parte xa da tradición dos entroidos galegos.

Está composto por pantalóns realizados en ante negro con adornos dourados, polainas nas mesmas cores, camisa de liño e chaleco e faixa vermella e dourada. Sobre esta cólganse unhas seis chocas de ovella para facer ruído e cruzado no corpo un zurrón, propio dos antigos pastores.

O máis curioso é a cabeza, xa que imita unha cabuxa con perilla, grandes cornos e fitas de cores de adobío. Na man poden levar unha vara cunha pelica na punta ou un corno.

Como na maioría das tradicións de Entroido percorren as aldeas visitando a súa poboación e fan festa grande o sábado no centro da vila, á que soen acudir outros entroidos veciños como os Troteiros.



## OS CHARRELOS DA VEIGA



Os Charrelos son un dos personaxes representativos do Entroido da Veiga. Saen os martes de Entroido ás rúas para percorrer todas as casas da vila dunha punta á outra. A súa función é correr e saltar para facer ruído cos chocallos, ademais de asustar á xente.

Estes personaxes visten con camisa e pantalón de liño con encaixes de cores, un mantón, botas de fol, chocallos e levan un pau na man de tamaño similar a un caxato que ten amarrado un látego de coiro, e que serve para asustar ás persoas.




Na cabeza levan unha máscara e un sombreiro de palla que se recrece con cartón e se adorna con flores de papel de seda, chamadas escarapelas. Por detrás do sombreiro levan tamén unhas cintas de papel que chegan ata a cintura e que se lles chaman colonias. A súa máscara representa a face dun home, cuns ollos e boca moi remarcados, ás veces cunha longa



barba e grandes orellas. Todos estes trazos están tallados en madeira, o material co que está feita a máscara.

Van acompañados do boi, que simboliza a terra, e da morte, a figura máis terrorífica. Todas son figuras esenciais deste Entroido.



## OS FELOS DE ESGOS



Os protagonistas do Entroido de Esgos desfilan pola vila despois de percorrer todas as casas veciñas pedindo aguinaldo: ovos, galletas, chourizos, licores... Antigamente a súa misión era facer fuxir aos lobos ao son dos seus esquilós (unha especie de chocas) que rodean a cintura.

O traxe consiste nunha camisa branca, gravata rechamante e ao redor do pescozo un pequeno pano atada en pico. Nos ombreiros, tanto por diante como por detrás, levan cosidas cintas de diferentes anchos e cores. Por baixo visten un calzón longo de punto branco e por riba unhas enaguas brancas tamén con cintas cosidas en forma de “u”. En cada xeonllo un lazo curto anoado.

A cara vai cuberta cunha carauta feita cunha lata ou cartón cilíndrico que cobre toda a cabeza ata os ombreiros, na que cada quen debuxa o que máis lle apeteza, aínda que predominan os animais e motivos astrais.

Son acompañados polas Madamas, señoritas ben axeitadas e con moito postureo, que levan os cestos para recoller o aguinaldo.





## OS FELOS DE MACEDA



Vestirse de Felo implica ter carácter, xa que por definición son espíritos rebeldes e anárquicos, mais a lei no tempo do Entroido. Percorren as aldeas da Serra de San Mamede facendo soar as cinco chocas que levan amarradas na cintura, para espantar aos malos espíritos e os animais que podían percorrer a serra, especialmente aos lobos. Como agradecemento a xente convídaos a comer e beber.

Na vestimenta son moi semellantes aos Peliqueiros ou Cigarróns, pero a diferenza máis visible é que levan medias negras e caxato na man. Ademais o seu vestir é máis rústico, máis ligado ás orixes.

A careta é de madeira cocida en lata. Ten un gran sorriso que lle dá un aire de mofa e na mitra levan representados animais desta serra (lobos, raposos, corzos...).

Axudados do caxato fan trasnadas continuas. Collen ás persoas polo pescozo para que chouten e bailen con eles, sóbense aos coches ou ás farolas, rouban os puchos... no Entroido todo está permitido.



## OS FELOS DE MASIDE



Estes personaxes do concello de Maside saen a cabalo o domingo de Entroido para percorrer a vila e as súas aldeas e tamén abren o desfile de comparsas do luns do Carballiño.

Caracterízanse por non levar ningún tipo de máscara que lles cubra a cara, unicamente un chapeu con plumas e fitas de diferentes cores ao que se lle pegan espellos, para afastar os malos espíritos. Sobre a camisa branca levan un mantón de manila, normalmente en cores vermella ou azul, e tamén son característicos unha especie de calcetíns con raias de cores feitos con la.

O máis representativo son as monturas, xa que van a cabalo, en burro ou incluso nun carro empurrado por estes.



## OS FOLLATEIROS DE LOBIOS



Estes curiosos personaxes xorden da memoria colectiva, que lembran que se vestían con farrapos e follatos (follas de millo), para crear a figura do actual Follateiro, que cada vez ten máis éxito.

O traxe básico é branco, con zocos nos pés, e échese de follas de millo que cobren todo o corpo e coas que fan tamén unha especie de tocado ou coroa sobre a cabeza. Na cintura levan un cinto feito con casulos (o interior das mazarocas de millo) e un pequeno conxunto de chocas que resoan ao camiñar. A maioría tamén leva capa de follatos e anacos de casulos a xogo co traxe.



A máscara é moi peculiar, xa que sobre un fondo branco van pegando grans de millo e anacos de casulos que a cobren total ou parcialmente e forman debuxos. Levan a xogo un colar e unha vara na man, sobre a que se colgan mazarocas.

Este personaxe tan vexetal corre o Entroido nos días grandes percorrendo as aldeas de Lobios e organizan diferentes actividades para revitalizar a súa festa.



## OS GALOS DA MEZQUITA



O Entroido dos Galos da Mezquita ten orixe na comarca ourensá de Terra de Celanova, Na vila da Mezquita (A Merca). Todo aquel que acuda a mañá do domingo ou o martes de Entroido poderá gozar do ambiente da alborada no seu percorrido polo vila dende o fronte da igrexa de San Pedro, de onde parte e onde conclúe.

En canto á súa vestimenta caracterízase por ser moi vistosa e rechamante. Trátase dun traxe branco sobre o que cruzan sete pañoletas, adobíos como xoias douradas e colares de cores, un anteface e un sombreiro en forma de galo feito con moitos metros de papel de cores, para mostrar a ledicia da chegada da primavera e o seu renacer. Poden levar unha cataxa que simboliza ou fai referencia ao poder e á autoridade que teñen os Galos.

Abordan aos fregueses que se atreven a ir a misa durante as festas, e obríganlles a bailar con eles para expiar a súa culpa, ou incluso a darlles aguinaldo. Crean unha atmosfera cargada de simbolismo onde se unen o cristán e o pagán.



## OS PELIQUEIROS DE LAZA



Os peliqueiros representan un dos entroidos máis antigos do mundo e tamén son dos máis coñecidos da nosa tradición. Saen todos os días do Entroido impondo a súa autoridade pero o máis importante é o domingo, día no que se xuntan á saída da misa para o reparto da bica e desfilan todos xuntos, pois é cando se estrenan os novos peliqueiros.

O traxe componse de camisa e medias brancas, gravata e unha chaqueta curta con flocos de cores e lazos de tres cores, sobre a que se engancha un pano. Unha faixa suxeita os calzóns (que non exactamente pantalón), sobre a que se colgan as seis pesadas chocas. Os longos calzóns son das partes máis difíciles de elaborar, pois están cubertos de pompóns de la e borlas de cores, e o zapato sempre é negro.

Na man levan unha zamarra coa que dan lategazos ao que se lle meta no camiño ou a quen non vaia disfrazado. Ademais, no reparto da bica, encárganse de impor orde a golpes, de ser necesario.

A máscara é de madeira, pintada con cores rechamantes, un gran sorriso, coloretos, bigote e barba de pelo. Prolóngase sobre ela unha especie de mitra de fondo liso sobre a que se representa un motivo animal (cabalos, cervos, paxaros...), corpos astrais (sol, estrelas...), motivos xeométricos... Cubrindo a cabeza levan unha pelica de pel, normalmente de rapozo, de aí o seu nome.

Do Entroido de Laza cómpre salientar tamén a baixada da Morena (unha figura dunha vaca), o lanzamento de formigas e fariña, o testamento do burro ou a farrapada.



## OS TROTEIROS DE BANDE



Os troteiros visten de branco con zocos e polainas de coiro e un cinto onde colgan fitas de cores e pequenas chocas para facer ruído e anunciar a súa chegada. O máis curioso do traxe é o chapeu, de onde colgan anacos de revistas e espellos coa función de protexerse do mal de ollo e outros perigos e, para non ser recoñecidos, cobren a cara con tapetes brancos bordados.

Na man levan unha vara, coa que fan trasnadas como asustar á xente, erguer a saia das mulleres ou meterse cos máis vellos.

Os días grandes de Entroido percorren todas as aldeas de Bande visitando aos veciños acompañados dunha charanga, e non falta quen os convide a doces e licor café co que quentar o corpo.



## OS VERGALLEIROS DE SARREAUS



O Vergalleiro é a representación da fecundidade, a virilidade e a prosperidade da economía do lugar, e percorre a localidade no domingo gordo.

Porta traxe formado por polainas negras con pompóns vermellos, faixa vermella con pombóns negros na punta onde encaixan un conxunto de pequenas chocas, pantalón branco decorado, blusa branca de liño, un chaleco de feltro negro e un pequeno pano anoado ao pescozo.

A máscara é branca de enorme sorriso e barbas e a parte superior ten unha curiosa forma e leva debuxada, normalmente, un touro, como símbolo da virilidade masculina, sobre un fondo verde ou azul. Dela tamén colgan catro pequenas chocas nas puntas.

Na man leva un corno de vaca que fai soar a medida que percorre as rúas, convidando á xente a participar do Entroido.







## OS VIXIGUEIROS E O ENTROIDO DE SAMEDE



Hai poucos anos un pequeno grupo de persoas decidiron recompilar fotografías, anécdotas, falar coa xente, especialmente cos antigos bailadores e bailadoras,... para poder recuperar o máxico Entroido de Samede, no concello coruñés de Paderne.

Por un lado contan coa figura dos Vixigueiros, armados de chocas e varas con vexigas para asustar ao público e facer ruído. Van vestidos con roupa vella cuberta por motivos vexetais (vimbios, follatos, landras...). Xúntanse no alto da aldea para facer a cerimonia da auga, a terra e o lume.



Por outro lado están os Bonitos e Bonitas. Eles visten con pantalón e camisa branca, gravata e unha faixa vermella. Elas Levan enagua e camisa branca, saia de pano con mandil e mantón de manila de cores. Ambos levan cintas de cores cosidas na roupa e colgadas no pucho e rechamantes chapeus con flores, fitas e plumas. Son os encargados de bailar a muiñeira cruzada, un baile de longa duración á semellanza doutras danzas brancas, onde van sacando puntos entrelazados ata chegar á roda e paseo final e rematar cun agarrado. A figura principal é o guía, que vai marcando os puntos ao berro de "volta!", e tamén os Carolos, dúas figuras vestidas enteiramente de branco que se sitúan no medio das parellas.

O Entroido remata co enterro do Popicarpio, como é coñecido ao meco do lugar, nome dado por un antigo prestamista de Betanzos.



## OS VOLANTES DE SANTIAGO DE ARRIBA



O Entroido Ribeirao de Santiago de Arriba (Chantada) é un dos máis peculiares e significativos da Galiza.

A figura principal son os volantes, representados por rapaces e mozos vestidos cun atuendo baseado nun pucho de cintas de cores , flores de papel e monecos que poden alcanzar os 15 kg de peso e un metro de alto. Ten aproximadamente un centenar de cintas coloridas e o portador debe ser un mozo forte que axita o caxato para invocar a fertilidade e a abundancia da terra. As faixas en cores vermellos e amarelos , un cinto de campás , un pano tradicional sobre os ombreiros e uns zapatos negros completan a vestimenta destes endémicos personaxes . Ademais , levan unha careta feita con papeis de xornais, normalmente sobre a cabeza e coa cara ao descuberto.

Estes volantes realizan impetuosas danzas en grupo co fin de facer sonar as campás que levan no cinto. O tintineo producido polas campás afasta aos malos espíritos e por iso os volantes desfilan por todo a vila, para envolvera de maxia e esperanza no novo ciclo primaveral .

Nas súas danzas e desfiles os volantes son acompañados e protexidos polos maragatos , seres misteriosos cubertos con peles , osamentas e cornamentas de animais . Estes maragatos levan un látigo na man que non dubidan en usar ante a menor provocación.



## OS XENERAIS DA ULLA

Os Xenerais da Ulla son un costume do Entroido na Comarca da Ulla. A primeira vez que se celebrou o Entroido nesta Comarca, corresponde aos anos 70 do século XIX. A partir de aí, foi evolucionando ata hoxe en día pero pénsase que a súa orixe está nos distintos enfrontamentos armados que tiveron lugar durante a primeira metade do século XIX.



Os Xenerais da Ulla levan unha camisa xeralmente branca, unha gravata que adoita ser vermella, unha chaqueta negra, azul mariño ou vermella e sobre ela cintas os flocos dourados. Levan chararreiras nos ombreiros, unha bandeira da Galiza ou de España, un cordón dourado que cruzan no peito, unhas botas negras e unha espada característica deles.

Non levan máscara senón un tricorne máis coñecido como bicorne. Realmente é un chapeu de palla forrado de veludo e decorado por multitude de abalorios, flocos e borlas. Coróase con longas plumas de pavo real e plumachos de cores. Tamén é frecuente velos cun sombreiro máis pequeno ou unha pucha, especialmente nos atranques.

Tanto os Xenerais como os correos que os acompañan percorren a cabalo as parroquias ao longo do día dando vivas a veciños e visitantes, acompañados dun "exército" de abandeirados, coros, comparsas e parrandas. Rematan escenificando un atranque (ou alto), enfrontamento dialéctico por parellas, aproveitado para facer burla e sátira de asuntos locais, de política ou do corazón, acontecidos durante o ano.

Os Xenerais saen durante todo o Entroido nas diferentes parroquias de Santiago de Compostela, Touro, Vedra, Teo, Boqueixón, Silleda, Vila de Cruces e A Estrada, e en cada unha delas mantéñense trazos definitorios que os fan únicos.

